



**CPI CABO DA AREA  
DEPARTAMENTO DE ARTES PLÁSTICAS**

**EPV**

**2015/16**

## ÍNDICE

■ <b>Introducción e contextualización</b> (NOVIDADES CURSO 2015/16).....	<b>03</b>
■ <b>Programación</b> .....	<b>04</b>
▶ <b>Normativa vixente</b> .....	<b>04</b>
▶ <b>Contribución das materias de epv e epva ao logro das competencias básicas</b> .....	<b>04</b>
▶ <b>Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís competenciais</b> .....	<b>05</b>
▶ <b>Obxectivos para o curso</b> .....	<b>10</b>
▶ <b>Estándares de aprendizaxe avaliáveis</b> <b>Temporalización, Grao Mínimo De Consecución, Procedementos E Instrumentos De Avaliación</b> .....	<b>13</b>
◆ <b>1º ESO</b> .....	<b>13</b>
◆ <b>3º ESO</b> .....	<b>17</b>
◆ <b>4º ESO</b> .....	<b>22</b>
▶ <b>Concrecións metodolóxicas</b> .....	<b>28</b>
▶ <b>Materiais e recursos didácticos</b> .....	<b>29</b>
▶ <b>Avaliación, cualificación e promoción do alumn@</b> .....	<b>31</b>
▶ <b>Indicadores de logro de avaliación do ensino e a docencia</b> .....	<b>32</b>
▶ <b>Actividades de seguimento e recuperación e Avaliación das pendentes</b> .....	<b>33</b>
▶ <b>Deseño da avaliación inicial. Resultados e medidas</b> .....	<b>33</b>
▶ <b>Atención á diversidade</b> .....	<b>34</b>
▶ <b>Elementos transversais</b> .....	<b>35</b>
▶ <b>Actividades complementarias e extraescolares</b> .....	<b>36</b>
▶ <b>Revisión. Avaliación e modificación da programación</b> .....	<b>36</b>

.....

ANEXO I - RÚBRICA TIPO DE PROXECTOS  
ANEXO II – RÚBRICA TIPO DE TRABALLOS PREPARATORIOS  
ANEXO III – EXEMPLO DE TEST  
ANEXO IV – ACI ALUMN@ 3º ESO

## **INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

### **PRINCIPAIS NOVIDADES PARA O CURSO 2015\_16**

1. **Nova Lei.** Implantación da nova lei educativa (LOMCE) nos cursos de 1º e terceiro de ESO.
2. **Cambio de nome da materia.** Educación plástica e visual pasa a chamarse Educación plástica, visual e audiovisual ca LOMCE.
3. **Grupos e distribución de alumnado.** As materias de EPV e EPVA vaise impartir nos seguintes grupos:

Curso	Materia	Grupos	CLIL (inglés)	Nº de alumnos	AULA
<b>1º ESO</b>	EPVA	A	SÍ	15	PLÁSTICA
		B	SÍ	14	
<b>3º ESO</b>	EPVA	A	SÍ	10	
<b>4º ESO</b>	EPV	A	NO	6	
		PDC	NO	7	

En total hai matriculados 39 alumn@s no programa bilingüe en inglés e 13 alumnos non seguen o programa bilingüe.

4. **Plurilingüismo.** O centro pasa a formar parte da **rede de centros plurilingües**. Este curso 2015/16 implántase en 1º de ESO sendo a materia EPVA unha das dúas materias CLIL, que xunto con DRAMA (materia de libre configuración do centro) completan a oferta plurilingüe en 1º ESO. Asimesmo se mantén a sección bilingüe de 3º de ESO. A profesora de inglés continúa como coordinadora dos programas plurilingües. Este curso contaremos ca axuda dun profesor auxiliar de conversa que colaborará na materia de EPVA nos cursos 1ºA, 1ºB e 3º A (ademais de inglés e drama). No apartado correspondente se detalla cal vai ser a función deste profesor.

Imos contar ca colaboración dun profesor nativo auxiliar de conversa nas clases de EPVA

- 3- **Libros de texto.** Seguindo a liña mantida nos cursos anteriores, mantense a decisión de **non usar libro de texto** nas materia de Artes Visuais (o propio alumno confecciona o mesmo ao longo do curso, co material recibido e a súa aportación persoal). O libro de EPV en inglés de cuarto (seleccionado o curso pasado para a sección bilingüe) non se empregará dado que a sección bilingüe foi desactivada este ano neste curso ao non cumprirse o mínimo número de alumn@s demandado pola normativa de seccións bilingües. Facilitaranse aos alumnos material complementario (ver apdo. De metodoloxía) dispoñible na súa maioría na páxina Web do centro dentro, no apartado do Departamento de debuxo:

<http://www.edu.xunta.es/centros/cpicaboarea/category/4/47>

► **Características do alumnado e do entorno.** O alumnado presenta as características propias d@s rapac@s que viven na costa da morte, nun medio principalmente rural. A oferta cultural no entorno é escasa e dificilmente accesible a moitos alumn@s dada a dispersión, o que supón unha dificultade añadida no proceso de aprendizaxe. O centro educativo é o principal punto de achega á cultura para moitos destes alumn@s polo que fomentar actividades extraescolares e visitas culturais variadas que os poñan en contacto con outras realidades é moi recomendable.

## ■ **PROGRAMACIÓN**

### ► **a/ NORMATIVA VIXENTE.**

Introdúcese a LOMCE nos cursos impares da ESO (1º e 3º) namentres que nos pares manténse a LOE. A normativa que regula ambas é a seguinte:

LOE (2º e 4º ESO)	LOMCE (1º e 3º ESO)
- Lei Orgánica da Educación, 2/2006 de 3 de maio. LOE texto refundido - Decreto 133/2007, de 5 de xullo, na Comunidade Autónoma de Galicia.	- Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro LOMCE - Decreto 86/2015 de 25 xuño sobre o currículo ESO e BACH en Galicia - Instrucións no curso académico 2015/16 (implantación currículo de ESO e BACH en Galicia) 27 xullo 2015

### ► **b/ CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL e AUDIOVISUAL AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.**

#### **b1. Nos cursos LOMCE (1º e 3º de ESO)**

Se ben a materia de EPV contribúe en xeral ao logro das sete **competencias clave**, faino de xeito máis directo na adquisición das seguintes: **conciencia e expresións culturais (CCEC); Competencia dixital (CD); Aprender a aprender (CAA); Competencias sociais e cívicas (CSC) e sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**

Hai que resaltar a **contribución da materia á mellora da CL** en lingua estranxeira (inglés) xa que tanto en 1º como en 3º de ESO trátase dunha materia CLIL (AICLE)

A EPVA é un dos motores do desenvolvemento das capacidades perceptivas, estéticas e expresivas da persoa. @ alumn@ adquirirá criterios que lle permitan desenvolverse nunha sociedade na que a imaxe ten un papel decisivo como elemento expresivo, estético e informativo nos diferentes medios de comunicación así como na publicidade. Educar a percepción visual por medio do traballo das estratexias básicas: selección, análise, relación, etc. Mediante o coñecemento dos códigos da comunicación visual, os fundamentos da linguaxe plástica, visual e audiovisual. Ademais da percepción (saber ver) a EPVA (EPV na LOE, aínda vixente en cursos pares) contribúe no proceso de saber facer.

## **b2. Nos cursos LOE (4º de ESO)**

A materia de EPV contribúe en xeral ao logro das oito **competencias básicas**, e de xeito máis directo na adquisición das seguintes: Competencia cultural e artística; Tratamento da información e competencia dixital; Competencia social e cidadá.; Competencia para aprender a aprender; Autonomía e iniciativa persoal.

## **► b3/ RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.**

- ⊙ **Primeiro ciclo de ESO (segundo a LOMCE) En 1º ESO e 3º ESO.** Establécese esta relación desglosada por curso.

<i>1º ciclo de ESO - 1º ESO</i>	Competencias clave
<b>Estándares de aprendizaxe- Expresión plástica (bloque 1)</b>	
EPVAB1.1.1. Identificar e valorar a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.	CCEC
EPVAB1.2.1. Analizar os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas.	CCA
EPVAB1.2.2. Experimentar co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.	CSIEE
EPVAB1.2.3. Experimentar co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.	CCEC CSIEE
EPVAB1.3.1. Realizar composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).	CSIEE CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA **EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL** 2015/16

Departamento de **ARTES PLÁSTICAS** - CPI Cabo da Area. Laxe

EPVAB1.4.1. Analizar, identificar e explicar oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de expresións artísticas alleas e propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.	CSIEE CCL
EPVAB1.4.2. Realizar composicións básicas con diferentes técnicas seguindo un guión	CSIEE
EPVAB1.4.3. Realizar composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos	CCE CSIEE
EPVAB1.4.4. Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.	CCEC
EPVAB1.5.1. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e subtractiva e as cores complementarias.	CSC
EPVAB1.6.1. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage (estampado e outras), utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.	CSIEE
EPVAB1.7.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas (lapis de cor, rotuladores, témpera, acuarela, ceras, etc) aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	CSIEE CCEC
EPVAB1.7.2. Ter Criterios para empregar a técnica do claroscuro (lapis de grafito e de cor), creando oen composicións figurativas, mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.	CSIEE CCEC
EPVAB1.7.3. Experimentar coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.	CAA CSIEE
EPVAB1.7.4. Utilizar o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.	CAA CSIEE
EPVAB1.7.5. Crear co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.	CAA CSIEE
EPVAB1.7.7. Manter o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	CSC

<i>1º ciclo de ESO - 1º ESO</i>	Competenci as clave
Estándares de aprendizaxe- <b>Comunicación audiovisual (bloque 2)</b>	
EPVAB2.1.1. Diferencia imaxes figurativas de abstractas.	
EPVAB2.1.2. Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA **EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL** 2015/16

Departamento de **ARTES PLÁSTICAS** - CPI Cabo da Area. Laxe

EPVAB2.1.3. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.	CSIEE CD
EPVAB2.2.1. Distingue símbolos de iconas.	CCL
EPVAB2.2.2. Deseñar símbolos e iconas	CSIEE CD
EPVAB2.3.1. Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.	CCL
EPVAB2.4.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.	CSC
EPVAB2.5.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación audiovisual.	CCL
EPVAB2.5.2. Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais.	CCL

<i>1º ciclo de ESO - 1º ESO</i>	Competenci as clave
<b>Estándares de aprendizaxe- Debuxo Técnico (bloque 3)</b>	
EPVAB3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.	CAA
EPVAB3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.	CMCCT
EPVAB3.3.1. Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.	CMCCT
EPVAB3.4.1. Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.	CMCCT
EPVAB3.5.1. Identifica os ángulos de 30°, 45°, 60° e 90° na escuadra e no cartabón.	CMCCT
EPVAB3.6.1. Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.	CMCCT
EPVAB3.7.1. Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.	CMCCT
EPVAB3.8.1. Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.	CMCCT
EPVAB3.9.1. Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.	CMCCT
EPVAB3.10.1. Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.	CMCCT
EPVAB3.10.2. Escala un polígono aplicando o teorema de Thales.	CMCCT
EPVAB3.11.1. Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc,	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA **EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL** 2015/16

Departamento de **ARTES PLÁSTICAS** - CPI Cabo da Area. Laxe

<i>1º ciclo de ESO - 1º ESO</i>	Competenci as clave
<b>Estándares de aprendizaxe- Debuxo Técnico (bloque 3)</b>	
etc.).	
EPVAB3.12.1. Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.	CCL
EPVAB3.13.1. Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.	CMCCT
EPVAB3.14.1. Determina o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices dos lados.	CMCCT
EPVAB3.15.1. Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.	CMCCT

EPVAB3.16.1. Clasifica correctamente calquera cuadrilátero.	CL
EPVAB3.17.1. Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal.	CMCCT
EPVAB3.18.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	CL
EPVAB3.19.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.	CMCCT

<i>1º ciclo de ESO - 3º ESO</i>	Competenci as clave
<b>Estándares de aprendizaxe- Expresión Plástica (bloque 1)</b>	
EPVAB1.1.1. Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.	CAA
EPVAB1.1.2. Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.	CSIEE
EPVAB1.2.1. Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	CSIEE
EPVAB1.3.1. Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquexos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.	CCEC
EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.	CSIEE
EPVAB1.4.2. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	CSC
EPVAB1.4.3. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.	CSIEE



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA **EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL** 2015/16

Departamento de **ARTES PLÁSTICAS** - CPI Cabo da Area. Laxe

EPVAB1.5.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	CSIEE CAA
EPVAB1.5.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.	CSIEE
EPVAB1.5.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.	CCEC
EPVAB1.5.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.	CAA
EPVAB1.5.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.	CSIEE
EPVAB1.5.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.	CSC
EPVAB1.5.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	CSC

<i>1º ciclo de ESO - 3º ESO</i>	Competencias clave
<b>Estándares de aprendizaxe- Comunicación visual e audiovisual (bloque 2)</b>	
EPVAB2.1.1. Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos.	CAA
EPVAB2.2.1. Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.	CAA
EPVAB2.2.2. Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt. (PQMD)	CSIEE
EPVAB2.3.1. Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.	CSIEE CAA
EPVAB2.4.1. Distingue significante e significado nun signo visual.	CCL
EPVAB2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.	CCL
EPVAB2.5.2. Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.	CCEC CCL
EPVAB2.6.1. Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía.	CCL
EPVAB2.6.2. Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas. (cámara dixital- bases da cámara)	CD CSIEE
EPVAB2.7.1. Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso:	CCL CSIEE

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA **EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL** 2015/16

Departamento de **ARTES PLÁSTICAS** - CPI Cabo da Area. Laxe

PRE-PRODUCCIÓN (story Line, guión, storyboard, planificación medios e tempo, ensaios); PRODUCCIÓN e POST-PRODUCCIÓN (montaxe e créditos). Valoración crítica dos resultados.	
EPVAB2.8.1. Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.	CSC CCL
EPVAB2.9.1. Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.	CSIEE CCL
EPVAB2.10.1. Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe.  (quedaría pendente o problema de que, a parte de non ter tempo para ver unha obra completa de cine (xa que só dispoñemos de 2 sesións de 50 minutos á semana, non se poden exhibir unha obra con dereitos de autor nun centro educativo (aínda non pasaron 70 anos desde obras como “ o terceiro home” ou similares)	CCEC CCL
EPVAB2.11.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.	CD

<i>1º ciclo de ESO - 3º ESO</i>	Competencias clave
<b>Estándares de aprendizaxe- Debuxo Técnico (bloque 3)</b>	
EPVAB3.1.1. Explicar verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	CCL
EPVAB3.2.1. Clasificar correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	CAA
EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.	CMCCT
EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.	CMCCT
EPVAB3.4.2. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.	CMCCT
EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.	CMCCT
EPVAB3.6.1. Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.	CMCCT CSIEE
EPVAB3.7.1. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros.	CMCCT
EPVAB3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.	CMCCT CD
EPVAB3.9.1. Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.	CMCCT

EPVAB3.10.1. Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.	CMCCT
EPVAB3.11.1. Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.	CMCCT CCEC

☉ **Segundo ciclo de ESO. En 4º de ESO.** Neste curso mantense a LOE onde se establecen os seguintes **obxectivos e contidos** :

- ▶ Obxectivos xerais da etapa de Secundaria. Establécenos o artigo 23 da LOE
- ▶ Obxectivos xerais do a area de EPV. Estableceos o Decreto 133/2007, 5 de xullo
- ▶ Contidos da materia en 4º de ESO (grupo de referencia e diversificación)

Os contidos do 4º curso de E.S.O. veñen fixados no Decreto 133/2007 de 5 de xullo que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. O desenvolvemento destes contidos faise no apartado de unidades didácticas para cada nivel. Establécense os seguintes bloques:

**Bloque 1. Procesos comúns á creación artística.**

- Realización e seguimento do proceso de creación: establecemento do “problema” a resolver, busca de información, bosquejos, proxecto, maqueta, prototipo e avaliación (reflexión, autoavaliación e avaliación colectiva do proceso e do resultado final).
- Selección e utilización das tecnoloxías da información e da comunicación e da comunicación nas producións propias.
- Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.
- Utilización da linguaxe plástica e visual para a representación persoal de ideas a partir de obxectivos.
- Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de creación artística e na superación das creacións propias.

**Bloque 2. Expresión plástica e visual..**

- Técnicas de expresión gráfico-plástica (debuxo artístico, pintura e volume) e de gravado e reprografía.
- Realización de actividades de experimentación con materiais diversos.
- Interese pola busca e investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas cuns fins concretos.

**Bloque 3. Artes gráficas e deseño.**

- Valores funcionais e estéticos nas artes aplicadas.
- Fundamentos do deseño e das súas técnicas gráfico-plásticas

- Sintaxe das linguaxes visuais do deseño e da publicidade.
- Lectura e valoración das imaxes do contorno do deseño e da publicidade.

**Bloque 4. Imaxe e son.**

- Técnicas de expresión gráfico-plásticas aplicadas á imaxe fixa, seriada e en movemento.
- Recoñecemento e lectura da imaxes presentes en distintos soportes.
- Sintaxe da linguaxe audiovisual.
- Integración de produtos multimedia.
- Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas para o rexistro, tratamento, creación e difusión de produtos audiovisuais.

**Bloque 5. Descrición obxectiva das formas.**

- Representación obxectiva da realidade nun soporte bidimensional.
- Contornos de aplicación dos sistemas de representación.
- Normalización
- Recoñecemento e lectura de representacións bidimensionais de obras arquitectónicas e de obxectos e aparellos técnicos.

► **C/ OBXECTIVOS PARA O CURSO**

Son os reflectidos na Programación Xeral Anual

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA **EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL** 2015/16  
Departamento de **ARTES PLÁSTICAS** - CPI Cabo da Area. Laxe

1º ESO – EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL e AUDIOVISUAL. INGLÉS						
TEMPORALIZACIÓN	PROXECTO	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN		
				PROXECTO	CONTIDOS	OUTROS
<b>1º</b> TRIMESTRE	<b>Autorretrato</b> Con puntos e liñas	EPVAB1.1.1.	<b>B 1.1.</b> @ Alumn@ é capaz de identificar os elementos configuradores da imaxe	<b>RÚBRICA</b>  <b>50 %</b>	<b>TEST (*)</b>  <b>25%</b>	(TRABALLOS PREPARATORIOS)
		EPVAB1.2.1.	<b>B 1.2.</b> @ alumn@ e quen de experimentar e crear de xeito autónomo con variacións formais de punto, liña e Plano			<b>RÚBRICA</b>
		EPVAB1.2.2.				<b>25%</b>
		EPVAB1.2.3.				<b>25%</b>
	EPVAB1.3.1.	<b>B1.3.</b> Capacidade para ligar os elementos de xeito expresivo (emocións)				
	<b>Elaborar unha Paisaxe urbana con texturas Gráficas</b> Mediante collage	EPVAB1.6.1.	<b>B.1.6.</b> Crear texturas gráficas a partires das táctiles por diferentes medios (frottage, estampado, grabado, soplado, etc)	<b>RÚBRICA</b>  <b>50 %</b>	<b>TEST (*)</b>  <b>25%</b>	(TRABALLOS PREPARATORIOS)
		EPVAB1.7.1.	<b>B.1.7.</b> Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.			<b>RÚBRICA</b>
		EPVAB1.7.3.				<b>25%</b>
		EPVAB1.7.4				<b>25%</b>
	<b>Maqueta dunha cidade de cores con plegaduras de papel</b>	EPVAB1.5.1	<b>B1.5.</b> Experimentar coas cores primarias e secundarias.	<b>RÚBRICA</b>  <b>50 %</b>	<b>TEST (*)</b>  <b>25%</b>	(TRABALLOS PREPARATORIOS)
		EPVAB1.7.1. EPVAB1.7.3.	<b>B.1.7.</b> Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.			<b>RÚBRICA</b>
		EPVAB 1.7.5				<b>25%</b>
	EPVAB1.7.7. EPVA 1.7.6.		-	-	(**)	
(*) O EMPREGO DA LINGUA ESTRANXEIRA VAISE VALORAR AINDA QUE NON COMPUTARÁ NA NOTA DA MATERIA (VER APARTADO DE AVALIACIÓN) (**) ESTE ESTÁNDAR ABRANGUE TODO O CURSO E VALORARASE COMO PARTE DA <b>ACTITUDE</b> (VER APARTADO ADICADO Á AVALIACIÓN)						

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL 2015/16**  
Departamento de **ARTES PLÁSTICAS** - CPI Cabo da Area. Laxe

1º ESO – EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL e AUDIOVISUAL. INGLÉS						
TEMPORALIZACIÓN	PROXECTO	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN		
				PROXECTO	CONTIDOS	OUTROS
<b>2º</b> TRIMESTRE	Elaborar Unha <b>Composición Pictórica</b>	EPVAB1.3.1	<b>B1.3.</b> Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc.	<b>RÚBRICA</b>  50 %	<b>TEST (*)</b>  25%	<b>(TRABALLOS PREPARATORIOS)</b>  <b>RÚBRICA</b>  25%
		EPVAB1.4.1	<b>B1.4.</b> Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.			
		EPVAB1.4.2				
	Relizar un <b>Deseño modular</b> e aplicalo a unha fachada arquitectónica	EPVAB1.4.3	<b>B1.4.</b> Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.	<b>RÚBRICA</b>  50 %	<b>TEST (*)</b>  25%	<b>(TRABALLOS PREPARATORIOS)</b>  <b>RÚBRICA</b> 25%
		EPVAB1.7.1.	<b>B1.7.</b> Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.			
	Debuxo artístico: Elaborar Un <b>diccionario Visual</b> de obxectos Cotías	EPVAB1.4.4	<b>B1.4.</b> Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.	<b>RÚBRICA</b>  50 %	<b>TEST (*)</b>  25%	<b>(TRABALLOS PREPARATORIOS)</b>  <b>RÚBRICA</b> 25%
		EPVAB1.7.2	<b>B1.7.</b> Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.			
	Deseñar un conxunto de <b>pictogramas</b> para un zoo	EPVAB2.1.1.	<b>B2.1.</b> Recoñecer os graos de iconicidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo.			
		EPVAB2.1.2.				
		EPVAB2.1.3.				
EPVAB 2.2.1		<b>B2.2.</b> Distinguir e crear tipos de imaxes segundo a súa relación significante-significado: símbolos e iconas.				
EPVAB 2.2.2						
EPVAB 2.4.1		<b>B2.4.</b> Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de comunicación.				
EPVAB 2.5.1		<b>B2.5.</b> Recoñecer as funcións da comunicación.				
EPVAB 2.5.2						
	EPVAB1.7.7. EPVA 1.7.6.	Igual que no primeiro trimestre	-	-	(**)	
Notas	A PUNTUACIÓN MÍNIMA DOS TESTS DEBERÁ SER DE 5 PUNTOS (SOBRE 10) (* ) O EMPREGO DA LINGUA ESTRANXEIRA VAISE VALORAR AINDA QUE NON COMPUTARÁ NA NOTA DA MATERIA (VER APARTADO DE AVALIACIÓN)					

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL 2015/16**  
Departamento de **ARTES PLÁSTICAS** - CPI Cabo da Area. Laxe

(\*\*) ESTE ESTÁNDAR ABRANGUE TODO O CURSO E VALORARASE COMO PARTE DA **ACTITUDE** (VER APARTADO ADICADO Á AVALIACIÓN)

1º ESO – EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL e AUDIOVISUAL. INGLÉS									
TEMPORALIZACIÓN	PROXECTO	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN			PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN			
						PROXECTO	CONTIDOS	OUTROS	
3º TRIMESTRE	Crear unha <b>banda deseñada</b> a partires dun guión	EPVAB 2.3.1.	B2.3. Analizar e realizar cómics aplicando os recursos de adecuadamente.			RÚBRICA	TEST (*)	(TRABALLOS PREPARATORIOS) RÚBRICA 25%	
		EPVAB1.7.1	B1.7. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.						
	Filmar unha <b>Stop motion</b> con plastilina (5 a 10 segundos de duración)	Introducción á linguaxe audiovisual	Capacidade para idear unha secuencia sinxela con personaxes			RÚBRICA	TEST (*)	(TRABALLOS PREPARATORIOS) RÚBRICA 25%	
			Capacidade para planificar, filmar e montar en Monkey Jam a animación (con título e créditos) con son de fondo.						
	Cliche verre con figuras xeométricas	EPVAB 3.1.1	B3.1. conceptos espaciais do punto, a liña e o plano.	EPVAB 3.10.2	B3.10. Estudar as aplicacións do teorema de Thales.		RÚBRICA	TEST (*)	----
		EPVAB 3.2.1	B3.2. Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón,	EPVAB 3.11.1	B3.11. Coñecer os lugares xeométricos básicos e defínilos.				
		EPVAB 3.3.1	B3.3. Conceptos de circunferencia, círculo e arco.	EPVAB 3.12.1	B3.12. Entender as clasificacións dos triángulos				
		EPVAB 3.4.1	B3.4. Usar correctamente o compás.	EPVAB 3.13.1	B3.13. Construír triángulos coñecendo tres dos seus datos (lados ou ángulos).				
		EPVAB 3.5.1	B3.5. Cconcepto de ángulo, bisectriz e a clasificación.	EPVAB 3.14.1	B3.14. Analizar as propiedades de puntos e rectas característicos dun triángulo.				
		EPVAB 3.6.1	B3.6.suma, resta e medida de ángulos	EPVAB 3.15.1	B3.15. Coñecer as propiedades xeométricas e matemáticas dos triángulos rectángulos, e aplicalas con propiedade á construción destes.				
EPVAB 3.7.1		B3.7. concepto de bisectriz e construción.	EPVAB 3.16.1	B3.16. Coñecer os tipos de cuadriláteros.					
EPVAB 3.8.1		B3.8. Diferenciar entre recta e segmento tomando medidas de segmentos coa regra ou utilizando o compás.	EPVAB 3.17.1	B3.17. Executar as construcións máis habituais de paralelogramos.					
EPVAB 3.9.1	B3.9. Trazar a mediatriz dun segmento	EPVAB 3.18.1	B3.18. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.						

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL 2015/16**  
 Departamento de **ARTES PLÁSTICAS** - CPI Cabo da Area. Laxe

		EPVAB 3.10.1	B3.10. Aplicacións do th. de Thales.	EPVAB 3.19.1	Estudar a construción dos polígonos regulares inscritos na circunferencia.			
		EPVAB1.7.7. EPVAB1.7.6.	Igual que no primeiro trimestre			-	-	(**)
(*) e (**) igual que nas anteriores avaliacións								



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL 2015/16  
Departamento de ARTES PLÁSTICAS - CPI Cabo da Area. Laxe

**3º ESO – EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL e AUDIOVISUAL. INGLÉS (sección bilingüe) FOLLA 1**

TEMP	PROXECTO	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Criterios de avaliación e <b>GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN</b>	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN		
				PROXECTO	CONTIDOS	OUTROS
<b>1º</b> TRIMESTRE	<b>DESEÑO DUN CARTAZ</b>  (TEMA: PROMOCIÓN DA SEMANA CULTURAL)	EPVAB 1.1.1.	<b>B1.1.</b> Coñecer e aplicar os métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño. ▪ @ alumn@ debe saber organizar unha imaxe aplicando máis de un criterio compositivo (regra dos tercios e outros) con intencións comunicativas .	<b>RÚBRICA</b>  50 %	<b>TEST (*)</b>  25%	<b>TRABALLOS PREP</b>  <b>RÚBRICA</b> 25%
		EPVAB 1.5.5	<b>B1.5.</b> Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe. ▪ Facer un colaxe e desenvolverse mínimamente nunha técnica húmida e noutra seca			
		EPVAB 2.8.1	<b>B2.8.</b> Identificar e recoñecer as linguaxes visuais apreciando os estilos e as tendencias, valorando, e respectando do patrimonio histórico e cultural, e gozando del. ▪ Análisis visual básico dunha imaxe grafica e audiovisual.			
		EPVAB 2.9.1	<b>B2.9.</b> Identificar e empregar recursos visuais como as figuras retóricas na linguaxe publicitaria. ▪ Capacidade para facer un análisis comunicativo básico dunha imaxe			
		EPVAB 3.1.1	<b>B3.1.</b> Coñecer lugares xeométricos e defínilos. ▪ Recta, Circunferencia, mediatriz, bisectriz e arco capaz			
		EPVAB 3.2.1	<b>B3.2.</b> Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares. ▪ Definir calquera polígono regular ou irregular cas súas propiedades			
		EPVAB 3.3.1	<b>B3.3.</b> Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado. ▪ Polígonos regulares inscritos en unha circunferencia e a oartires do lado: triángulo, cadrado, pentágono, hexágono			
		EPVAB 3.4.1 EPVAB 3.4.2.	<b>B3.4.</b> Comprender as condicións dos centros e as rectas tanxentes en distintos casos de tanxencia e enlaces. ▪ Resolver os casos máis simples de tanxencia dispoñendo seguindo os apontamentos propios.			

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL 2015/16**  
 Departamento de **ARTES PLÁSTICAS** - CPI Cabo da Area. Laxe

3º ESO – EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL e AUDIOVISUAL. INGLÉS (sección bilingüe) <b>FOLLA 1</b>						
		EPVAB 3.5.1	<b>B3.5.</b> Comprender a construción do óvalo e do ovoide básicos, aplicando as propiedades das tanxencias entre circunferencias. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Trazar óvalos e ovoides dados o eixo maior, ou o menor, seguindo apontamentos propios.</li> </ul>			
		EPVAB 3.6.1	<b>B3.6.</b> Analizar e estudar as propiedades das tanxencias nos óvalos e nos ovoides. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Trazar óvalos e ovoides dados o eixo maior, ou o menor, seguindo apontamentos propios.</li> </ul>			
		EPVAB 3.7.1	<b>B3.7.</b> Aplicar as condicións das tanxencias e enlaces para construír espirais de dous, tres, catro e cinco centros. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Trazar espirais de 2, 3 ou 4 dado o paso, seguindo apontamentos propios.</li> </ul>			
		EPVAB 3.8.1	<b>B3.8.</b> Estudar os conceptos de simetrías, xiros e translacións aplicándoos ao deseño de composicións con módulos. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realizar un deseño modular sinxelo a partires dunha rede e un módulo (sen variacións)</li> </ul>			
<b>EDICIÓN DUNHA BANDA DESEÑADA</b>		EPVAB 1.5.1	<b>B1.5.</b> Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Facer un colaxe e desenvolverse mínimamente nunha técnica húmida e noutra seca</li> </ul>	<b>RÚBRICA</b>  <b>50 %</b>	<b>TEST (*)</b>  <b>25%</b>	<b>TRABALLOS PREPARAT ORIOS RÚBRICA 25%</b>
		EPVAB 1.5.2				
		EPVAB 1.5.3				
		EPVAB 1.3.1	<b>B1.3.</b> Debuxar con distintos niveis de iconicidade da imaxe. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Capacidade para debuxar un grupo de obxectos sinxelo mediante encaixe.</li> </ul>			
		EPVAB 1.4.1	<b>B1.4.</b> Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Recoñecer as cores pigmento primarias, secundarias e terciarias</li> <li>▪ coñecer as propiedades das cores (tono, luminosidade e saturación)</li> <li>▪ distinguir cores frías e cálidas</li> <li>▪ Distinguir parellas de cores complementarias.</li> <li>▪ Crear contrastes de tono, luminosidade e saturación.</li> </ul>			
		EPVAB 1.4.2				
		EPVAB 1.4.3				

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL 2015/16  
Departamento de ARTES PLÁSTICAS - CPI Cabo da Area. Laxe

3º ESO – EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL e AUDIOVISUAL. INGLÉS (sección bilingüe) FOLLA 2							
TEMPORALIZACIÓN	PROXECTO	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Criterios de avaliación e GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN			
				PROXECTO	CONTIDOS	OUTROS	
2º TRIMESTRE	REALIZACIÓN DUNHA CURTAMETRAXE	EPVAB 2.7.1.	<p><b>B2.7.</b> Utilizar de axeitadamente as linguaxes visual e audiovisual con distintas funcións.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coñecer as fases na elaboración dun produto audiovisual: desde a preproducción ata a postproducción.</li> <li>▪ Planificación e angulación básica e a súa expresividade.</li> <li>▪ Vocabulario básico: plano, plano-secuencia, escena, secuencia, toma, fundido, travelling.</li> </ul>	RÚBRICA	TEST (*)	TRABALLOS PREPARATORIOS)	
							RÚBRICA
							25%
			EPVAB 2.10.1.	<p><b>B2.10.</b> Apreciar a linguaxe do cine analizando obras de xeito crítico, situándoas no seu contexto histórico e sociocultural, e reflexionando sobre a relación da linguaxe cinematográfica coa mensaxe da obra.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Analizar fotogramas de obras maestras do cine a partires do plano. Recoñecer 5 obras maestras da historia do cine (a través de fotogramas) e a súa proposta expresiva.</li> </ul>			
			EPVAB 1.5.1	<p><b>B1.5.</b> Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ver o comentado anteriormente no proxecto banda deseñada</li> </ul>			
		ESCULTURA CON MATERIAIS RECICLADOS E PAPEL MACHÉ	EPVAB 2.6.1	<p><b>B2.6.</b> Analizar e realizar fotografías comprendendo e aplicando os fundamentos desta.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coñecemento básica das partes da cámara: obxectivo e corpo</li> <li>▪ coñecer os conceptos de: Apertura de diafragma, Velocidade de obturación, profundidade de campo, ISO. Coñecer basicamente a súa interacción.</li> </ul>	-	-	(**)
	EPVAB 2.6.2						
	EPVAB 1.5.4		<p><b>B1.5.</b> Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Xa comentado anteriormente</li> </ul>				
	EPVAB 1.5.5						
EPVAB 1.5.6.							

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL 2015/16  
Departamento de ARTES PLÁSTICAS - CPI Cabo da Area. Laxe

3º ESO – EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL e AUDIOVISUAL. INGLÉS (sección bilingüe) FOLLA 3						
TEMPORALIZACIÓN	PROXECTO	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Criterios de avaliación e <b>GRAO MÍNIMO DE CONSECUIÓN</b>	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN		
				PROXECTO	CONTIDOS	OUTROS
<b>3º TRIMESTRE</b>	<b>DESEÑO DE SINAIS E PICTOGRAMAS</b>	EPVAB 2.1.1.	<b>B2.1.</b> Identificar os elementos e factores que interveñen no proceso de percepción de imaxes. <ul style="list-style-type: none"> <li>Recoñecer os elementos que interveñen na percepción e como se forma unha imaxe no cerebro.</li> <li>Explicar o punto cego.</li> <li>Explicar a ilusión 3d en imaxes fija e no cine. Explicar os Anaglifos</li> </ul>	<b>RÚBRICA</b>  <b>50 %</b>	<b>TEST (*)</b>  <b>25%</b>	<b>(TRABALLOS PREPARATORIOS)</b>  <b>RÚBRICA</b>  <b>25%</b>
		EPVAB 2.2.1.	<b>B2.2.</b> Recoñecer as leis visuais da Gestalt que posibilitan as ilusións ópticas e aplicar estas leis na elaboración de obras propias. <ul style="list-style-type: none"> <li>Recoñecer as leis da Gestalt</li> <li>Representar unha ilusión óptica</li> </ul>			
		EPVAB 2.2.2				
		EPVAB 2.3.1.	<b>B2.3.</b> Coñecer os fundamentos da imaxe en movemento e explorar as súas posibilidades expresivas. <ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar a ilusión da imaxe en movemento.</li> </ul>			
		EPVAB 2.4.1.	<b>B2.4.</b> Identificar signficante e significado nun signo visual. <ul style="list-style-type: none"> <li>Analizar unha imaxe distinguindo Significante e significado.</li> </ul>			
		EPVAB 2.5.1.	<b>B2.5.</b> Describir, analizar e interpretar unha imaxe, distinguindo os seus aspectos denotativo e connotativo. <ul style="list-style-type: none"> <li>Distinguir o aspecto denotativo e connotativo dunha imaxe</li> </ul>			
	EPVAB 2.5.2.					
	<b>DESEÑO DUN PUZZLE 3D PARA CATIVOS</b>	EPVAB 3.9.1.	<b>B3.9.</b> Comprender o concepto de proxección e aplicalo ao debuxo das vistas de obxectos, con coñecemento da utilidade das anotacións, practicando sobre as tres vistas de obxectos sinxelos e partindo da análise das súas vistas principais. <ul style="list-style-type: none"> <li>Comprender o concepto de proxección</li> <li>Comprender e aplicar as bases do sistema diédrico na representación de figuras sinxelas.</li> <li>Entender figuras sinxelas a partires das vistas ortogonais.</li> </ul>	<b>RÚBRICA</b>  <b>50 %</b>	<b>TEST (*)</b>  <b>25%</b>	<b>(TRABALLOS PREPARATORIOS)</b>  <b>RÚBRICA</b>  <b>25%</b>
		EPVAB 3.10.1.	<b>B3.10.</b> Comprender e practicar o procedemento da perspectiva cabaleira aplicada a volumes elementais. <ul style="list-style-type: none"> <li>Representar volumes sinxelos (sin curvas) en P. Cabaleira aplicando o coeficiente de redución indicado</li> </ul>			
		EPVAB 3.11.1.	<b>B3.11.</b> Comprender e practicar os procesos de construción de perspectivas isométricas de volumes sinxelos.			

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA **EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL** 2015/16  
 Departamento de **ARTES PLÁSTICAS** - CPI Cabo da Area. Laxe

**3º ESO – EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL e AUDIOVISUAL. INGLÉS (sección bilingüe) FOLLA 3**

			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realizar isometrías de volumes sinxelos sin curvas.</li> </ul>			
		EPVAB 2.11.1	<p><b>B2.11.</b> Comprender os fundamentos da linguaxe multimedia, valorar as achegas das tecnoloxías dixitais e ser capaz de elaborar documentos mediante este.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ fundamentos da linguaxe multimedia</li> </ul>			
		EPVAB 1.1.2.	<p><b>B1.1.</b> Coñecer e aplicar os métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ (ver o apartado do 1º trimestre)</li> </ul>			
		EPVAB 1.2.1.	<p><b>B1.2.</b> Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coñecer o proceso creativo e aplicalo no proceso de deseño.</li> </ul>			

**NOTAS**

NOS TRES TRIMESTRES:

1- O EMPREGO DA LINGUA ESTRANXEIRA VAISE VALORAR AINDA QUE NON COMPUTARÁ NA NOTA DA MATERIA (VER APARTADO DE AVALIACIÓN)

2- O ESTÁNDAR **EPVAB 1.5.7.** ABRANGUE TODO O CURSO E VALORARASE EN TODOS OS PROXECTOS COMO PARTE DA **ACTITUDE** (VER APARTADO ADICADO Á AVALIACIÓN)

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL 2015/16  
 Departamento de ARTES PLÁSTICAS - CPI Cabo da Area. Laxe

4º ESO – EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL. Galego FOLLA 1						
TEMP	Unidade ou Proxecto	Relación co currículo	Contidos  (para o Grao mínimo de consecución ver o seguinte apartado)	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN		
				traballos	CONTIDOS	OUTROS
1º TRIMESTRE	01  REPRESENTACIÓN DE OBXECTOS 3D EN SISTEMA DIÉDRICO E SISTEMA AXONOMÉTRICO	Bloque 2  Interpretar, expresar e crear	Xeometría descritiva: finalidade e aplicacións. / Principios e elementos básicos de representación no sistema diédrico: planos de proyección H e V, tipo de proxección, abatemento en torno á LT, primeira e segunda proxección (planta e alzado), uso de máis proxeccións (terceira proxección: vista lateral ou perfil). / Partes vistas e ocultas. / Representación de sólidos xeométricos e obxectos sinxelos: organización das vistas en sistema europeo. / eixos en isometría, en perspectiva cabaleira e en persp. militar./ reducións en cabaleira e militar. / representación de obxectos en axonometría / representación de circunferencias situadas en planos axonométricos.	RÚBRICA  50 %	TEST (*)  25%	TRABALLOS PREPARATORIOS  RÚBRICA 25%
	02  SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN: SISTEMA CÓNICO	Bloque 5:  Descrición obxectiva da forma	Elementos básicos do sistema cónico: plano do cadro p, plano xeometral, punto de vista, plano do horizonte, liña do horizonte, punto principal, punto de distancia. / Representación dun punto en perspectiva cónica: cómo trasladar medidas de profundidade e altura. / Punto de fuga dunha recta perpendicular ao plano p e unha recta horizontal calquera. / Métodos perspectivos máis sinxelos: método directo, método das trazas e dos puntos de fuga. Uso dos puntos de medida dunha recta horizontal para trasladar medidas.	RÚBRICA  50 %	TEST (*)  25%	TRABALLOS PREPARATORIOS  RÚBRICA 25%
	03  NORMALIZACIÓN E ESCALAS		Norma. Normas máis importantes. Tipos de cota e nomenclatura. Rotulación normalizada. Proceso de acoutado dunha peza. Proceso de rotulación. O acotado e rotulación en CAD.  Concepto de escala gráfica. Creación dunha escala gráfica  Debuxo en CAD (Draftsight). Procedementos básicos de debuxo. Impresión a escala	RÚBRICA  50 %	TEST (*)  25%	TRABALLOS PREPARATORIOS  RÚBRICA 25%

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA **EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL** 2015/16  
 Departamento de **ARTES PLÁSTICAS** - CPI Cabo da Area. Laxe

4º ESO – EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL. Galego FOLLA 2						
TEMP	PROXECTO	Relación co currículo	Contidos (para o Grao mínimo de consecución ver o seguinte apartado)	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN		
				PROXECTO	CONTIDOS	OUTROS
<b>2º</b> TRIMESTRE	<b>Deseño industrial</b>  <b>DESEÑO</b> <b>DUNHA</b> <b>SILLA</b>	<p><i>Bloque 1</i> <i>Procesos comúns á creación artística</i></p> <p><i>Bloque 5</i> <i>Descrición obxectiva da forma</i></p>	<p><b>Proceso creativo. / Proceso no deseño dun obxecto: Desde a formulación do problema ata a produción en serie. / O proxecto como instrumento de definición do obxecto. Partes: definición gráfica, definición escrita e definición económica. /</b></p> <p><b>Conceptos básicos no deseño de mobles. Ergonomía. /</b></p> <p><b>Coñecemento dos materiais: madeira, plásticos, aceiro, telas, etc. Calidades táctiles, cores, durabilidade, etc. e resistencia de materiais. / Nocións de croquización e de acoutación.</b></p> <p><b>Definición do produto final con debuxo das vistas en CAD (Draftsight). Impresión a escala. Creación de modelos dixitais mediante Sketch Up. Creación de fotomontaxes con Gimp para presentar o produto nun espazo arquitectónico.</b></p>	<b>RÚBRICA</b>  <b>50 %</b>  -	<b>TEST (*)</b>  <b>25%</b>  -	<b>TRABALLOS PREPARATORIOS)</b>  <b>RÚBRICA</b>  <b>25%</b> <b>(**)</b>

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA **EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL** 2015/16  
 Departamento de **ARTES PLÁSTICAS** - CPI Cabo da Area. Laxe

4º ESO – EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL. Galego						
TEMP	PROXECTO	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Criterios de avaliación (para o Grao mínimo de consecución ver o seguinte apartado)	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN		
				PROXECTO	CONTIDOS	OUTROS
<b>3º</b> TRIMESTRE	<b>Libro</b>  <b>PROXECTO ARTÍSTICO</b>	<p><i><b>Bloque 2:</b></i> <i><b>A expresión plástica e visual</b></i></p> <p><i><b>Bloque 3:</b></i> <i><b>Artes gráficas e deseño</b></i></p> <p><i><b>Bloque 4:</b></i> <i><b>Imaxe e son.</b></i></p> <p><i><b>Bloque 5:</b></i> <i><b>dimensión social e cultural</b></i></p>	<p>Baseándose nuha idea central @ alumn@ desenvolverá un proxecto artístico no que xerará un conxunto de imaxes obtidas en mediante diversos mnedios artísticos: <b>Debuxo</b>, <b>Pintura</b> (a lomenos unha modalidade), <b>Grabado</b> (a lo menos linograbado), <b>Fotografía</b>, <b>cianotipia</b>, e <b>video</b>.</p> <p>Cada alumn@ deberá expor ante os outros o seu traballo, explicando as claves expreivas empregadas e cuestións técnicas como problemas e a súa resolución. O traballo de tod@s os alumn@s vaise compilar nun libro dixital que se publicará na WEB.</p> <p>Exemplo:  <a href="http://issuu.com/debuxocpicabodaarea/docs/complete_book_edition_br">http://issuu.com/debuxocpicabodaarea/docs/complete_book_edition_br</a>                      (realizado o curso 2014/15)</p>	<b>RÚBRICA</b>  <b>50 %</b>	<b>TEST (*)</b>  <b>25%</b>	<b>(TRABALLOS PREPARATORIOS)</b>  <b>RÚBRICA</b>  <b>25%</b>
<p><b>NOTAS</b></p> <p>NOS TRES TRIMESTRES:</p> <p>AO LONGO DE TODO O CURSO VALORARASE A ACTITUDE (LIMPEZA, PREDISPOSICIÓN AO TRABALLO, CUMPRIMENTO DOS PRAZOS, CUIDADO DO MATERIAL PROPIO E ALLEO, ETC) . VER APARTADO ADICADO Á AVALIACIÓN.</p>						



**GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN EN 4º ESO EPV CPI CABO DA AREA LAXE**

UD 01	<p style="text-align: center;"><b>REPRESENTACIÓN DE OBXECTOS 3D EN SISTEMA DIÉDRICO E SISTEMA AXONOMÉTRICO (REPASO). TEORÍA BÁSICA DO SISTEMA DIÉDRICO.</b></p> <p>1- Capacidade para representar en SISTEMA DIÉDRICO formas xeométricas tridimensionais sinxelas a partires de esquemas axonométricos. Distribución correcta das vistas na folla e diferenciación das liñas vistas e ocultas.</p> <p>2- Coñecemento da teoría básica do S.D. (punto, liña e plano):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer a nomenclatura do punto, recta e plano</li> <li>- Representar un punto situado no espazo a partires dos datos de cota e alonxamento</li> <li>- Recoñecer a situación dun punto no espazo a partires da súa representación (en que cadrante se atopa, que cota e alonxamento ten)</li> <li>- Saber situar un punto nunha recta a partir da cota ou o alonxamento (incluso nunha recta de perfil).</li> <li>- Coñecer as posicións mais importantes da recta: oblicua, horizontal, frontal, paralela a la LT, pertencente a H, pertencente a V, de Punta, vertical, de perfil e incidente la LT.</li> <li>- Obter as trazas dunha recta calquera.</li> <li>- Coñecer as posicións mais importantes do plano: oblicuo, horizontal, frontal, de canto, vertical, paralelo a la LT, de perfil e incidente na LT.</li> <li>- Debuxar unha recta pertencente a un plano e debuxar un plano que cionteña unha recta.</li> </ul> <p>3- Capacidade para representar en isometría e perspectiva cabaleira (coñecido o coeficiente de reducción) formas 3d sinxelas a partires de croquis en S.D.</p>
UD 02	<p style="text-align: center;"><b>SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN: SISTEMA CÓNICO</b></p> <p>4- Coñecer os elementos básicos do sistema cónico. Capacidade para interpretar os datos de posición do punto de vista e situación do plano do cadro, calcular correctamente o/s punto/s de fuga das rectas da figura e situar os puntos de distancia /medida correctamente, a partires de esquemas en sistema diédrico.</p> <p>5- Capacidade para representar un obxecto sinxelo e un espazo interior sinxelo a partires de datos en S.D. nunha perspectiva cónica frontal e nunha perspectiva cónica oblícu</p>
UD 03	<p style="text-align: center;"><b>NORMALIZACIÓN E ESCALAS</b></p>

	6- Coñecer os conceptos de norma e escala
	7- Capacidade para obter unha escala gráfica a partir dunha numérica
	8- Capacidade para acotar as vistas ortogonais dun obxecto sinxelo.
UD 04	O PROCESO DE DESEÑO E O PROXECTO: DESEÑO INDUSTRIAL
	9- Coñecemento das fases de deseño dun obxecto.
UD 05	O ESPAZO ARQUITECTÓNICO: DESEÑO ARQUITECTÓNICO
	10- Capacidade para representar un elemento arquitectónico de dificultade baixa en formato dixital creando plano a partires dun modelo 3d en Sketch Up
	11- Capacidade para organizar un plano en LAYOUT cas vistas e perspectivas do modelo realizado en Sketch Up. Crear un ficheiro PDF e enviar por EMAIL
UD 06	DESEÑO GRÁFICO. A PUBLICIDADE
	12- Coñecemento das características dun cartel e capacidade para idear e representar un cartel temático, por medios graficos ou dixitais
UD 07	O DEBUXO
	14- Coñecemento e aplicación das técnicas básicas de debuxo (encaixe) na representación de bodegóns sinxelos e estatua.
UD 08	A PINTURA
	15- Coñecemento da técnica básica para pintar con gouache
	16- Capacidade para pintar un bodegón seguindo criterios propios
UD 09	EXPRESIÓN PLÁSTICA E VISUAL: A LINGUAXE DO GRAVADO. O LINOGRAVADO
	17- Coñecer a técnica básica e capacidade para realizar un linogravado
UD 10	VOLUME: MODELADO
	18- Coñecemento dos principais tipos escultóricos e capacidade para realizar unha figura mediante modelado en barro
UD 11	EXPRESIÓN PLÁSTICA E VISUAL: FOTOGRAFÍA

	19- coñecemento dos principios básicos da fotografía
	20- Capacidade para manexar a cámara reflex dixital atendendo a diferentes obxectivos e intereses. Manexo de arquivos de imaxe.
UD 12	<b>A LINGUAXE SECUENCIAL: O CÓMIC</b>
	21- Coñecer os elementos principais da banda deseñada. E capacidade para narrar visualmente a partires dun guión sinxelo. Uso do progama COMIC LIFE
UD 13	<b>A LINGUAXE AUDIOVISUAL</b>
	22- coñecemento das fases lóxicas dun proxecto audiovisual. (story line, ... escaleta, guión, storyboard)
	23- Coñecemento básicos de planificación (tipos de planos), vocabulario básico de cinematografía
UD 14	<b>HISTORIA DA ARTE</b>
	24- Coñecer as principais fases da historia da arte e a lo menos catro características de cada período e a lo menos dous exemplos de cada disciplina artística (pintura, escultura, arquitectura e fotografía e cine na arte contemporánea)
UD 15	<b>HISTORIA DA ARTE EN GALICIA</b>
	25- Coñecer os principais (a lo menos un por período e disciplina) exemplos da arte en Galicia e ubicalos no espazo e no tempo, desde o arte prehistórico ata o arte contemporáneo


## E/ CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

► A área de educación plástica e visual na educación secundaria obrigatoria trata de fomentar a aprendizaxe de coñecementos (linguaxe plástico nos seus diferentes campos) e o desenvolvemento de destrezas que permitan a elaboración creativa de traballos plásticos dotados de expresión, a capacidade de innovación desde o coñecemento e a experimentación, a toma de conciencia do feito artístico, o interese pola busca e o uso da información para contrastar os coñecementos (libros, novas tecnoloxías da información, etc.) e como ferramentas para explorar, analizar, intercambiar e presentar a información relacionada co linguaxe plástico e visual. Podemos entender que o área de plástica e visual se articula en torno á dualidade concepto - experiencia.

O fío conductor do currículo do área de plástica e visual na ESO se articula ao redor de actividades plásticas e a aprendizaxe dos conceptos plásticos necesarios. A secuencia determinase en función da súa lóxica interna, o grao de madurez dos alumn@s e a interrelación mutua dos conceptos.

Traballarase o binomio *coñecemento - acción* baseado en tres principios:

- Coñecementos: conceptos básicos da expresión plástica.
- Aplicación dos mesmos ao coñecemento das obras e experiencias de outros



- Experiencia directa do /da alumn@. Creatividade e expresividade propia. As materias de EPVA e EPV estruturarase ao redor de **PROXECTOS**.

@ alumn@ realizará varios proxectos ao longo do ano nos que

traballará os diferentes estándares de aprendizaxe propios da materia así como os transversais (ver apartado), de xeito integrado. As explicacións realizaranse ao longo do desenvolvemento do proxecto a medida que se precisen os novos coñecementos, que se traballarán nas “actividades preparatorias”.

### ► Principios metodolóxicos

Partese do desenvolvemento do alumnado para asegurar a construción de aprendizaxes significativas: os seus coñecementos, o seu desenvolvemento psicolóxico, o seu desexo de aprender. Procurarase unha aprendizaxe funcional, que poida ser xeneralizada e aplicada a outros contextos e situacións aprendidas. Favorecerase a interacción profesor-alumno e alumno-alumno.

O grao de dificultade deberá ser axeitado. Non demasiado fácil, provocando o aburrimiento, nin excesivamente difícil, provocando a desconexión. Os ritmos de aprendizaxe se favorecen mediante unha exposición ordenada e graduada na súa complexidade, tendo en conta que cada alumno ten o seu propio ritmo e ofrece respostas diferentes aos mesmos estímulos.

O plantexamento xeral é o desenvolvemento pleno da personalidade do alumnado, por eso as unidades didácticas permitirán un desenvolvemento flexible, tanto na alternancia de tipos de agrupamento, organización de espazos, materiais didácticos e diferentes equipamentos.

► **Agrupamentos.** Se establecerán agrupamentos segundo a actividade a desenvolver:

- Grupo grande e medio: A clase como único grupo ou dividida en dous grupos (para facilitar traballos en aula de informática): explicacións, determinación de normas, postas en común, puntos de acordo e desacordo.
- Grupo pequeno: (máximo catro alumnos) O equipo. Para deseño e realización do proxectos plásticos concretos (audiovisuais, uso do laboratorio fotográfico, etc). Permítese o traballo cooperativo e a observación do comportamento dos alumnos para detectar dificultades de integración.
- Traballo individual: Serve para afianzar conceptos, comprobar o nivel do alumno, detectar dificultades e o traballo de técnicas.

### **f/ MATERIAIS, RECURSOS DIDÁCTICOS e ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS**

É necesario distinguir tres tipos de actividades:

1. Explicacións e visionado de soportes audiovisuais.
2. Realización de actividades, construción e experimentación.
3. Busca de información e realización de tarefas de apoio con novas tecnoloxías.

Os dous primeiros tipos de actividades se desenvolven no aula de debuxo que dispón do material fixo necesario para o desenvolvemento de case todas as actividades propostas. Hai dúas

zonas diferenciadas dentro do aula segundo o tipo de traballo a desenvolver (traballo de mesa e taller). É moi importante dispor na aula dun sistema áxil que permita mostrar imaxes, vídeos, etc. Así, unha cámara dixital de fotografía e vídeo e un sistema de proxección o conectado a un PC dotado cunha serie de portos USB e un lector de DVD é o idóneo. Dentro do segundo tipo de actividades encádranse as relacionadas ca fotografía, para as que se usa tamén o cuarto escuro para o revelado de obtidas ca cámara oscura (dada as reducidas dimensións deste espazo, só poden traballar simultaneamente 3-4 alumnos como máximo).

O terceiro tipo de actividade se desenvolve no aula de informática, que é un espazo preferente para outras materias polo que é necesario prever e confirmar con antelación o seu uso. O habitual é dispor dun ordenador para cada dous/dúas alumn@s, polo que todas as actividades que se desenrolen neste espazo se deben prever en grupos de dous/dúas alumn@s.

O aula de plástica debe estar perfectamente ordenada e os utensilios de uso común en zoas facilmente accesibles. As mesas son grandes e regulables. A aula alberga os libros do departamento de Debuxo e durante este curso levarase a súa catalogación para formaren parte do fondo bibliográfico da biblioteca do centro con vistas ao seu préstamo. O aula dispón dun fregadeiro amplo (dous senos) con unha toma de auga corrente, tomas de corrente eléctrica suficientes, luz natural e está convenientemente illada de outras aulas.

A actividade será parada cinco minutos antes de que finalice la clase, para que @ alumn@ teña tempo de recoller e limpar o necesario e que o aula quede en condicións para o seguinte grupo.

Farase uso da cámara de video e da cámara de fotos dixital, para gravar aos/ás alumn@s durante o proceso de realización, exposición de traballos, e como material necesario para la realización de algunhas actividades. Con este material obtido cada alumn@ confeccionará ao final de curso un CD que conterá as imaxes almacenadas ao longo do curso dos seus traballos e dos elaborados en grupos nos que teña participado (na clase ou de colaboración co centro) e dos vídeos e fotos do grupo, así como calquera outro material relacionado coa plástica que teña sido de interese.

**O material que deben aportar os alumnos é:** caderno, lapis 2h e 4b, goma, soportes para os traballos (excepto papel de 80 gr/cm<sup>2</sup>), plantillas básicas de debuxo, compás, lapis de cores

**Material aportado polo departamento.** O departamento dotará ao alumnado co restante material (excedentes de cursos pasados ou con cargo ao presuposto do presente curso):

gouache líquido, pasteis, ceras, carboncillo, sanguina, pranchas de linoleo (ou plásticas), acetatos, líquidos de revelar, material de cianotipia, material de serigrafía e pasta de modelar.

## **g/ CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.**

- ▶ Como xa se reflectiu anteriormente, a avaliación do alumnado farase por proxecto do seguinte xeito

<b>Proxecto</b>	<b>Traballos preparatorios</b>	<b>Test de coñecementos</b>	<b>Actitude</b>
É a terefa principal desenvolvido ao longo do trimestre ou dunha parte del.	Conxunto de actividades sobre coñecementos concretos que @ alumn@ necesita coñecer para desenvolver o proxecto	Proba de mínimos onde o alumnado debe demostrar ter obtido os coñecementos traballados no proxecto	Valorase o compromiso do alumnado (aportar os materiais, puntualidade nas entregas, etc), respecto polos compañeiros e as instalacións, etc.
Avalíase con rúbrica (ver exemplo de rúbrica A anexo I)	Avalíase con rúbrica (ver exemplo de rúbrica B anexo II)	Proba test (ver exemplo de test nas Anexo III)	Avalíase por notas directas na aula de 0 a -2 puntos
Supón o <b>50%</b> da nota	<b>25%</b> da nota	<b>25%</b> da nota Obriga de superalo <b>NOTA MÍNIMA 5</b>	<b>Pode supor unha rebaixa da nota de ata 2 puntos</b>

- ▶ **Avaliación continúa e sistema de recuperación.** A materia avaliarase de xeito continuo. Os motivos para superar un trimestre pódense deber a non superar o proxecto ou ben a non superar o test (ou ambas cousas). O sistema de recuperación será o seguinte, según o caso:

<i>Causa pola que non se supera o trimestre</i>	<i>Sistema de recuperación</i>
@ alumn@ non supera o proxecto e os traballos preparatorios (falta de entrega ou calidade moi baixa)	Antes da data fixada (finais do trimestre seguinte) @ alumn@ deberá: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Entregar as partes non presentadas.</li> <li>- Repetir as partes que non superan o nivel mínimo esixido (que se lle detallará).</li> </ul>
@ alumn@ non supera o Test	Deberá repetir un test similar e superalo

- ▶ **Avaliación extraordinaria.** No caso de que @ alumn@ non supere a materia na convocatoria ordinaria deberá presentarse a un examen de toda a materia na convocatoria extraordinaria na que deberá resolver cuestións teóricas (test) e prácticas.
- ▶ **Avaliación da lingua estranxeira.** O inglés é a lingua estranxeira que se empregará en 1º e 3º de ESO como elemento comunicativo na aula, de xeito que **non vai influir na calificación da materia**. Non obstante, vaise dar unha calificación extraoficial para que o alumno poida ter unha idea da súa destreza comunicativa. Esta calificación sairá das **estimacións do profesor auxiliar de conversa** e dos **test**, onde se incluírán cuestións relativas ao vocabulario empregado.

## **H/ INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

O indicador principal vai ser ***o nivel acadado polo alumnado na realización das tarefas e proxectos plantexados***. A adquisición das competencias básicas vaise reflectir no capacidade do alumn@ para dar resposta aos proxectos e tarefas plantexadas. Aínda que por natureza hai unh@s alumn@s máis creativos que outr@s, hai xeitos de fomentar a creatividade e expresión propia y este é un dos puntos claves na que esta materia debe axudar ao alumnado.

Valorarase os seguintes aspectos:

- ▶ Grado de adecuación do traballo realizado polo alumnado ao plantexamento inicial
- ▶ Capacidade para superar os test de coñecementos propostos para cada proxecto
- ▶ Capacidade do alumnado para ser autónomo nas decisións
- ▶ Capacidade do alumn@ para expresar ideas propias

Esta valoración refectirase na memoria final do departamento cas consideracións oportunas e a toma de decisións para o seguinte curso co fin de ir mellorando a práctica docente tanto na materia propia (artes) como na práctica e uso da lingua estranxeira.



## **I / ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.**

- ▶ **Materias Pendentes.** Non hai [alumn@s](#) ca materia de EPV pendente de cursos anteriores.
- ▶ **Recuperación dos trimestres non superados.** Está sinalado no apartado **G** referente ao sistema de avaliación.

## **J / BILINGÜISMO: A CLASE CLIL e o PROFESOR AUXILIAR DE CONVERSA.**

A materia AICLE é unha forma de crear un entorno onde o alumno poida usar a lingua estranxeira nun ámbito diferente da materia propia do idioma estranxeiro. Trátase de colaborar a que @s alumn@s perdan o medo a comunicarse en inglés e se habituen a interaccionar no idioma estranxeiro). Isto supón para o alumnado un esforzo moi importante porque se enfrontan á aprendizaxe dunha materia nun idioma que non domina o suficientemente e por isto se coida moito o tipo de explicación, sempre moi visual, e se recalca moito o vocabulario clave en cada tema para que nunca se sentan perdidos. O profesor Auxiliar de conversa (PAC) ten a misión de traballar principalmente a parte de expresión oral (fala) e de comprensión oral (escoita). Plantéxanse a presenza do PAC unha hora cada semana en cada grupo (1ºA, 1ºB e 3º de ESO) , **é dicir un 50% das clases de cada grupo**, onde se aproveita para presentar orlamente e por escrito o novo vocabulario clave, repasar o xa visto, e traballar con videos e presentacións. O PAC interaccionará moito co alumnado mediante xogos e actividades plásticas en grupo.

O material se ofrece sempre en inglés pero cas explicacións necesarias para seguilo. Será deseñado polo profesor da materia ca colaboración da coordinadora e do PAC.

Emprégase a Páxina web para colgar todo o material empregado ao longo do curso.

## **K / DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.**

Todo o alumnado de 3º e 4º de ESO xa cursou a materia de EPV neste centro en cursos anteriores polo que se ten unha idea aproximada do seu nivel de traballo e coñecementos. @s alumn@s de primeiro curso son novos na etapa e por iso son os que van ser valorados inicialmente con máis detemento.

A avaliación inicial vaise facer a partires de traballos iniciais preparatorios de proxectos onde se poda valorar os seguintes aspectos:

*Creatividade.*

*Iniciativa e autonomía.*

*Desenvoltura no traballo en grupo.*

*Organización do deseño e planificación dos traballos.*

*Desenvoltura na expresión gráfica.*

*Desenvoltura na resolución de problemas.*

*Nivel de comprensión das explicacións.*

*Coñecementos básicos.*

*Puntualidade na realización dos traballos.*

As medidas a adoptar orientaríanse a corrixir posibles carencias en algún destes aspectos principalmente a nivel colectivo. Poden consistir no seguinte:

\_Propor traballos simplificados e moi acotados para que @ alumn@ poda levarlos a cabo de xeito máis autónomo.

\_Promover maior número de actividades en grupo (aínda que o traballo sexa individual)

\_Incidir na importancia do continente ademais do contido. Importancia da presentación dos resultados. Propor actividades exclusivamente de presentación de resultados.

\_Propor estratexias para mellorar a creatividade con pequenas actividades.

## **L / MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

No terceiro curso de ESO hay unh@ alumn@ que ten importantes dificultades para desenvolver a materia. Vaisell facer unha Adaptación Curricular a un nivel de primeiro de ESO (curso no que tamén se lle deseñou unha ACI). Presenta problemas para debuxar, recortar, etc é dicir, calquera actividade que requira do uso de as dúas mans. Só pode usar unha polo que non é quen de suxeitar unha folla ou usar un compás. Xa que non é viable o debuxo con medios gráficos analóxicos, @ alumn@ vai usar unha tablet con software axeitado para facer as tarefas.

Por outra banda, as tarefas vanse adaptar ao seu nivel, de xeito que sendo tarefas similares ás que fan os seus compañeiros, o nivel de complexidade será moito máis baixo, o que lle permitirá seguir a materia sin frustracións. (ver ACI no **anexo IV**. Aínda sin aprobar)

En cuarto de ESO o grupo de referencia e o grupo de Diversificación Curricular asisten conxuntamente á clase de EPV. As tarefas propostas en un e outro grupo serán as mesmas, se ben en PDC rebaixarase o nivel de complexidade da actividade segundo o caso. O resto do alumnado non presenta a priori a necesidade de medidas de atención especiais nesta materia.

## **M / ELEMENTOS TRANSVERSAIS A TRABALLAR DURANTE O CURSO 2015/16.**

A **educación plástica e visual** contribúe a desenrolar varios contidos transversais:

- **Educación para o consumo.** Procedementos que lle permita ao alumn@ unha visión crítica das necesidades de consumo a través do estudo da publicidade e das súas estratexias. Foméntase unha actitude crítica e reflexiva sobre as mensaxes publicitarias nos diferentes medios.
- **Aprender do cotián.** Fomentar a reflexión sobre as actividades cotiás (un paseo, o visionado dunha película, etc.) como fonte de creatividade e recursos, aplicable noutros ámbitos.
- **Educación para a sostenibilidade.** Fomentar a reutilización e o reciclado dos materiais e obxectos que teñen perdido a súa utilidade. Concienciar da importancia de aforrar enerxía, reutilizar os materiais e reciclar cando xa non é posible reutilizar.
- **Educación ambiental.** Propor pautas para valorar a paisaxe natural e para unha construción axeitada do hábitat humano no medio rural e urbano. Fomentar actitudes de respecto polas características propias de medio no que vivimos e toma de postura crítica ante as frecuentes agresións á paisaxe e os seus motivos.
- **Educación para a herdanza cultural.** Esta área é un camiño imprescindible para presentar o valor del patrimonio cultural en xeral e o galego en particular e a necesidade de respectalo e colaborar na súa conservación como parte da nosa historia. A visita a museos é unha actividade sumamente enriquecedora e fomenta o respecto polo patrimonio.
- **Educación en igualdade.** Erradicar calquera tipo de discriminación por sexo, raza, minusvalía, etc. Eliminar razoadamente os estereotipos que, reflectidos consciente ou inconscientemente en opinións e traballos amosen posturas discriminatorias cara a algún sector da poboación.
- **Educación para a paz.** Tratarase como un valor fundamental o respecto polo outro. Fomentar o diálogo como medio de resolver problemas. Nos exemplos de evitarse amosar imaxes ou secuencias violentas ou que poidan fomentar a violencia.
- **Educación para a saúde.** Uso de materiais sans. Fomentar hábitos sans (posición na cadeira, ventilación do área de traballo, iluminación axeitada, etc.).
- **Educación no esforzo.** Fomentarse o esforzo e o traballo responsable. O sistema de calificacións valora como un dos seus aspectos importantes a dedicación.
- **O fomento de la lectura** se inclúe en determinadas actividades das unidades, creación de imaxes de ilustración de artigos periódicos, lectura de libros o fragmentos relacionados cos contidos desenvolto en cada momento.

## **N / ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS.**

Están previstas as seguintes actividades extraescolares e complementarias para este curso 2015/16:

► Taller: *Heroes animados*. En Afundación. A coruña. Todos os niveis (1º a 4º ESO) decembro 2015

► Concurso de murais LAR. 3º e 4º de ESO.

A actividade consiste en realizar un mural cerámico sobre unha superficie de formigón con forma de onda na que debemos represntar unha imaxe relacionada cos deportes acuáticos deseñada por nós. En novembro asistimos na Casa cde Cultura de Corcubión a a unha sesión de presentación na que hai diferentes ponencias de personaxes relevantes no mundo dos deportes de auga como Abel Lago. Unha vez recibido a base e os materiais seleccionados por nós, temos ata o 30 de abril para realizar o mural.

► Obradoiro de Serigrafía sobre tela. 4º de ESO. Imos facer deseños e imprimir camisetas para costear a viaxe de fin de curso de 4º de ESO. Temporalización: clases de Atención educativa (1 hora á semana). 1º trimestre

► Obradoiro de Fotografía estenopéica. Todos os niveis. Taller para ser realizado na semana cultural. O alumnado tomará imaxes fotográficas con caixas e posteriormente revelará no cuarto escuro. Marzo 2016

## **Ñ / REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.**

A programación debe ser un documento vivo e dinámico. É bo que sufra alteracións ao longo do curso porque nin o alumnado nin o profesorado son máquinas predecibles, polo que hai que poder adaptarse ás circunstancias sin que un documento, por moi ben plantexado que estea ao principio, poda encorsetar o desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe.

A **revisión** vaise facer mensualmente e se reflectirá nas actas de departamento onde se indicará o grado de desenvolvemento acadado e as modificacións xustificadas que se fixeron.

A **avaliación** global farase ao final do curso, cando se poida ter unha visión global de todo o proceso de ensino en todos os cursos. Avaliaranse os items indicados no **apartado H** anterior.

As **modificacións** puntuais se farán sobre a marcha e, como se dixo, se reflectirán nas actas mensuais do Departamento. Na memoria final do curso reflectiranse e xustificarán todas as modificacións feitas e se proporán melloras e modificacións para o vindeiro curso.

# anexos

NAME \_\_\_\_\_

## SEASCAPE PROJECT- RUBRIC

**A** 2

**B** 1,25

**C** 0,75

**D** 0,25

<b>The project</b>	The project has a <b>CENTRAL IDEA</b>	The <b>CENTRAL IDEA</b> is not clear	No <b>CENTRAL IDEA</b>	The project IS NOT <b>BASED</b> on the proposed <b>TOPIC</b> (the sea)
<b>Creative process</b>	There are <b>PREPARATORY IMAGES</b> that are well presented: <b>CLEAN</b> and <b>ORGANIZED</b>	Preapratory images shows a process but it is disorganized	It is not possible to follow the creative process through those images	There are no images to support the artworks.
<b>Art techniques</b>	Student submits the compulsory techniques: <b>Printmaking</b> <b>Painting (watercolour)</b> <b>Photography</b>	Student does not work all the techniques but at least 2 out of 3.	Student works 1 out of 3 mandatory techniques.	There are no compulsory techniques
<b>Artwork</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Student uses the required format (21X21cm) in all the images.</li> <li>Most of the images (at least 4) are <b>technically welldone</b>.</li> <li>Images have expressive quality (composition)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>At least 3 images are technically well done.</li> <li>the student does not use the required format (21x21cm) in all images.</li> <li>Compositions are appropriate</li> </ul>	Most of the images are not well done. Compositions are unbalanced or do not have interest.	No format. Images are unbalaced Lack of interest
<b>Texts</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Each image has a text. text with each image.</li> <li>The texts are written in English</li> <li>most of them fit the expressive aim.</li> </ul>	All the texts are suitable but they are not well presented	there are no more than 3 texts and/or Most of them do not fit the image	Less than three texts.

NAME \_\_\_\_\_

## SEASCAPE PROJECT- RUBRIC

**A**

2

**B**

1,25

**C**

0,75

**D**

0,25

<b>TAREFA</b>	Se entregan puntualmente todos os traballos: liñas, puntos, e formas	Algún s entrega tarde o moi fora de prazo	Algún non se entrega	Non se entrega máis de 1 traballo
<b>puntos</b>	Hai un mínimo de 5 exemplos Ben composta a folia Leva o selo do alumno A lo menos 4 propostas son interesantes e hai variedade	Hai un mínimo de 5 exemplos Composición regular Leva o selo A lo menos 3 propostas son interesantes Non moita variedade	Hai un mínimo de 5 exemplos Composición descuidada Non leva selo Hai menos de 3 interesantes Pouca variedade	Menos de 5 exemplos
<b>liñas</b>	<b>Hai un mínimo de 5 exemplos</b> Ben composta a folia Leva o selo do alumno A lo menos 4 propostas son interesantes e hai variedade	Hai un mínimo de 5 exemplos Composición regular Leva o selo A lo menos 3 propostas son interesantes Non moita variedade	Hai un mínimo de 5 exemplos Composición descuidada Non leva selo Hai menos de 3 interesantes Pouca variedade	Menos de 5 exemplos
<b>Mans con liña</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>As liñas están ben delineadas.</li> <li>Consiguese a sensación 3d</li> <li>A técnica é axeitada e está ben utilizada</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Liñas ben delineadas</li> <li>Non se consegue de todo a sensación 3d</li> <li>A técnica e boa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Liñas regular</li> <li>Non se consegue de todo a sensación 3d</li> <li>A técnica regular</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Liñas moi desiguais</li> <li>Non se consegue a sensación 3d</li> <li>A técnica e deficiente</li> </ul>
<b>planos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Respéctase o marco de traballo</li> <li>Empréganse só formas e son variadas</li> <li>Ben composto</li> <li>Limpeza</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Respéctase o marco de traballo</li> <li>Empréganse formas e outros elementos</li> <li>Composición aceptable</li> <li>Limpeza aceptable</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Non se respecta o marco de traballo</li> <li>Empréganse formas e outros elementos</li> <li>Composición regular</li> <li>Limpeza regular</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Non se respecta o marco de traballo</li> <li>tarde</li> <li>confuso</li> <li>Non é abstracto</li> <li>descuidado</li> </ul>

STUDENT \_\_\_\_\_



**1- geometry.** (4,5 points)

< Solve the next constructions by using ruler and compass >

Perpendicular bisector  
 of line segment AB

Complete the  
 EQUILATERAL  
 TRIANGLE given side  
 $\overline{FG}$

Get the ANGLE  
 BISECTOR of the  
 angle  $\widehat{aOb}$



**2- Human proportions**

(2,5 points)

< Indicate the basic proportions of a human face >

Select the correct to the questions :

a) The distance between eyebrows and nose is around:

1/3 of B

1/2 of A

b) The distance between the eyes and the top of the head is:

1/3 of B

1/2 of A



**3- Dihedral system** (3 points)

< Complete the views of the object (colour them with the the same colours) >

